

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2020

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)


D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia: D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

SECRETARIA XERAL

D^a María OfirAboy García

No salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que o interventor non comparece porque non hai ningún asunto económico na orde do día.

A Parte Dispositiva

Primeiro.-Aprobación das actas das sesións plenarias do 13 de xuño e do 30 de xullo de 2020

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, procede a preguntar aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir respecto da actas que se presentan para a súa aprobación por parte do Pleno. Non habendo ningunha observación de ningún membro da corporación, apróbanse as actas anteriores do 13 de xuño e do 30 de xullo de 2020, por unanimidade dos membros da corporación, coas abstencións dos membros que non estiveron presentes por ausencia á sesión correspondente.

Segundo.- Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude de concesión administrativa de ocupación do dominio público marítimo terrestre na marxe dereita do río Valdexería


Intervén a señora alcaldesa para dicir que visto o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 do 31 de xullo de 2020 de solicitude de concesión administrativa da ocupación do dominio público marítimo terrestre na marxe dereita do río Valdexería.

Visto o punto segundo do acordo que establece propor ao Pleno da corporación a súa ratificación na seguinte sesión plenaria que se celebre e polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude de concesión administrativa de ocupación do dominio público marítimo-terrestre dunha superficie de 91,48 m² dos terreos que ocupan a actuación "Mellora das infraestruturas hidráulicas en Valdexería, Serres" no lugar de Valdexería, que descorren á marxe dereita do río Valdexería, augas arriba da ponte da estrada AC-550, de acordo co proxecto redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez.

Segundo. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisos para a mellor execución do acordado.

O Pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (2) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Primeiro. Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude de concesión administrativa de ocupación do dominio público marítimo-terrestre dunha superficie de 91,48 m² dos terreos que ocupan a actuación "Mellora das infraestruturas hidráulicas en Valdexería, Serres" no lugar de Valdexería, que descorren á marxe dereita do río Valdexería, augas arriba da ponte da estrada AC-550, de acordo co proxecto redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez.

Segundo. Facultar a alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisos para a mellor execución do acordado.

Terceiro.- Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude de concesión administrativa de ocupación do dominio público marítimo terrestre na marxe esquerda do río Valdexería

Intervén a Sra. alcaldesa para dicir que visto o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude de concesión administrativa de ocupación do dominio público marítimo terrestre na marxe esquerda do río Valdexería.

Visto o punto terceiro do acordo que establece propor ao Pleno da corporación a súa ratificación na seguinte sesión plenaria que se celebre e polo que se propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:


Primeiro. Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude á Demarcación de Costas en Galicia a concesión administrativa de ocupación de 8.002 m² de superficie de terreos de dominio público marítimo-terrestre para legalizar a situación do recinto escolar, vía e aparcamento do colexio público de Muros, CEIP Ramón de Artaza y Malvárez, con base na memoria explicativa elaborada polo arquitecto municipal e documentación complementaria, no que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vai executar as obras do proxecto denominado "Rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez".

Segundo. Pola urxencia das obras que se proxectan, necesarias para adaptar as instalacións escolares ás esixencias derivadas da situación de crise sanitaria COVID-19 de cara ao novo curso escolar 2020-2021, solicítase unha autorización urxente para iniciais.

Terceiro. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisos para a mellor execución do acordado.

O Pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (2) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 11 de 31 de xullo de 2020 de solicitude á Demarcación de Costas en Galicia a concesión administrativa de ocupación de 8.002 metros cadrados de superficie de terreos de dominio público marítimo-terrestre para legalizar a situación do recinto escolar, vía e aparcamento do colexio público de Muros, CEIP Ramón de Artaza y Malvárez, con base na memoria explicativa elaborada polo arquitecto municipal e documentación complementaria, no que a Consellería de Educación e



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Ordenación Universitaria vai executar as obras do proxecto denominado "Rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez.

Segundo. Pola urxencia das obras que se proxectan, necesarias para adaptar as instalacións escolares ás esixencias derivadas da situación de crise sanitaria COVID-19 de cara ao novo curso escolar 2020-2021, solicítase unha autorización urxente para iniciais.

Terceiro. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisos para a mellor execución do acordado.

Cuarto. Fixación dos festivos locais para o ano 2021

Intervén a señora alcaldesa para dicir que na comisión informativa correspondente ditaminouse favorablemente a fixación dos festivos locais para o ano 2021 coa seguinte proposta de acordo que se eleva ao Pleno da corporación:

Polo tanto por unanimidade dos seus membros ditamínase favorablemente a proposta de fixación dos festivos locais para o ano 2021 que será elevado ao Pleno da corporación:

Primeiro. Que polo Pleno do concello de Muros sen quórum especial se fixen como días de festivos locais 2021 de carácter retributivo e non recuperable no concello de Muros o 29 de xuño (San Pedro) e o 16 de xullo (Virxe do Carme).

Segundo. Dar traslado do acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia aos efectos de fixar calendario laboral 2021.


Terceiro. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Non obstante, o Pleno da Corporación como órgano competente, acordará o que proceda.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, María Lago Lestón, que di que van votar favorablemente pero que agradecerían que tivesen en conta outra data sinalada que se celebra en todas as parroquias do municipio.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG(2) e grupo municipal do BNG (2) adoptan o seguinte acordo:

Primeiro. Que polo Pleno do concello de Muros sen quórum especial se fixen como días de festivos locais 2021 de carácter retributivo e non recuperable no concello de Muros o 29 de xuño (San Pedro) e o 16 de xullo (Virxe do Carme)



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Segundo. Dar traslado do acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia aos efectos de fixar calendario laboral 2021.

Terceiro. Facultar á alcaldesa do concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Quinto. Proposta de acordo do BNG sobre o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021

Intervén a señora alcaldesa para dicir que na comisión informativa correspondente se ditaminou favorablemente a proposta de acordo do BNG sobre o protocolo da adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021 e dálle a palabra para a lectura da proposta á voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que é do teor literal seguinte:

Ditame


“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino, as ANPA, os centros de ensino públicos así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

No punto número 12 dese Protocolo “Medidas relativas ás familias e ANPA” regúlanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madrugá e os comedores escolares. Concretamente no referido ás actividades extraescolares, o protocolo establece que serán ás ANPA ou os Concellos os responsables da elaboración dun protocolo que se integrará no “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte a COVID-19 e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras. Unha vez analizado o texto, podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou este protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, imponéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo, ao profesorado e ás nais e aos pais.

Despois de varias reunións do noso grupo municipal coas ANPA do noso municipio, manifestáronnos a súa preocupación por non seguir contando con estas actividades debido a que as condicións establecidas pola Xunta de Galiza son completamente inasumibles.

As actividades extraescolares resultan imprescindibles para facilitar a conciliación familiar e laboral, a vida saudable, mellorar o nivel educativo, as relacións interpersoais, aumentar a motivación do alumnado... e de maneira xeral aumentar a autoestima do alumnado.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

No caso de que no curso 2020/21 non se chegaran a ofertar as actividades escolares, a maioría das familias veríanse na obriga de buscar alternativas para a conciliación familiar e laboral, sendo unha destas o coidado por parte das/os avoas/avós, un dos colectivos máis vulnerables ante a COVID-19, a procura de persoal coidador ou o propio autoabandono laboral.


Xunto coa conciliación laboral e familiar, o sedentarismo trátase doutro problema derivado da falta destas actividades, atendendo as indicacións da OMS, a evolución mundial da actividade física é preocupante nos últimos anos e ten como consecuencia o aumento de enfermidades (cardiopatías, trastornososteomusculares, distintos tipos de cancro...). O mundo, cada vez máis urbanizado e dixitalizado, ofrece menos posibilidades para a actividade física a través de xogos saudables. As/os nenas/os, vólvense menos activos fisicamente, o que os predispón a ter cada vez máis sobrepeso. Ante este problema, as escolas e as actividades extraescolares son fundamentais para a realización da actividade física regular, xa que son a opción máis accesible e asumible.

As actividades extraescolares débense xestionar de maneira que se garantan as condicións de seguridade sanitaria, atención á totalidade do alumnado, un custo económico asumible polas familias e non agravar a xa limitada capacidade de xestión destas organizacións. Desta maneira, o Sr. Feijó e a Consellería de Educación deberían saber que as ANPA non son operadores económicos, nin empresas, son asociacións sen ánimo de lucro.

Ninguén nega a dificultade dos tempos polos que estamos a pasar, nin a complexidade da organización dos servizos públicos necesarios. Estamos nun momento de inestabilidade nas decisións e nas disponibilidades, pero non podemos permitir que o Concello de Muros forme parte do despropósito organizativo da Consellería de Educación da Xunta de Galiza, que está impoñendo restricións que dificultan enormemente a vida das familias. As declaracións do Sr. Feijó sobre as obrigas que teñen que asumir as ANPA, que manifestan a súa imposibilidade de garantir OS servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar á totalidade da comunidade e ás nais e aos pais, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do sobrecusto no sistema educativo.

Ante este panorama, debemos apostar polo diálogo e o traballo colaborativo para que as actividades extraescolares deixen de ser o crebacabezas das nais e pais. Tal e como recolle a Lei 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) o artigo 25. 2. faculta aos municipios para "participar na programación do ensino e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria". Pola súa banda, o artigo 28 dispón que "os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas á educación, á cultura, a promoción da muller, a vivenda, a sanidade e a protección do medio ambiente", de aí que as actividades extraescolares son un campo no que as administracións locais poden prestar una ampla colaboración.

Por estes motivos, ditaminada pola comisión informativa elévase ao Pleno da corporación a adopción do seguinte



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ACORDO:


- 1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID-19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.*
- 2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobre custo.*
- 3. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urgente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.*
- 4. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ás ANPA que teñan implantación na localidade.*

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, Caridad González Cerviño, dicindo que está de acordo coa proposta de acordo do BNG porque xa o solicitaron os seus representantes no parlamento.

Intervén polo grupo municipal de CxG, o concelleiro, José Manuel Quintela Fernández, dicindo que a Xunta abandonou a comunidade educativa, de feito, comenta que María Xosé non pode estar porque no seu traballo hai varias prazas sen cubrir, que lle impiden estar porque teñen que realizar o traballo desas prazas que están sen cubrir.

Di que se limitaron a dar catro pautas cargando o traballo da elaboración dos protocolos dos centros aos cargos directivos, a maioría deles sen coñecementos na materia, e cargándolle os custos que levan os protocolos que teñen que aplicar porque a día de hoxe non hai ningunha axuda que se saiba. Que se ve na televisión que van contratar profesores, e mesmo cando lle piden que lle dean máscaras aos nenos din que non; cando fai uns meses se dedicaron a regalar máscaras en período preelectoral. Que parece unha tomadura de pelo. Que se dedican a dicir que non tiveron coñecemento ata finais de agosto de cales eran as medidas que había que adoptar porque non lles dixeron nada. Di que aquí todo o mundo tira o balón para outro tellado, e ninguén acepta as súas responsabilidades.

Intervén a Sra. alcaldesa dicíndolle á Sra. Lago que o BNG solicita que rexeiten o protocolo COVID-19 e que apoiem as demandas da comunidade educativa, di que sería bo que polo menos actualizase as mocións que lle envían dende o seu partido porque queda claro no texto da moción, a altura na que están, agosto do 2020, e non se están a referir á última versión do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino que ten data do 31 de agosto e que incorpora as instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública e actualiza as recomendacións sanitarias do comité clínico. Di que rexeitar sen máis o protocolo existente coas medidas que se acordaron na comisión interterritorial, non de forma unilateral pola Xunta, sen propoñer ningunha alternativa parece a estas alturas unha medida bastante disparatada cando menos. Di que suporía que os centros educativos abrisen sen ningún tipo de medida ou protocolo, o que dadas as circunstancias, lles parece cando menos temerario. Continúa a súa intervención dicindo que un dos principios




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

deste protocolo é a adaptabilidade e flexibilidade á hora de adoptar decisións organizativas ou sanitarias, están, como non podía ser doutra maneira, ante un documento que vai evolucionando e adaptándose á propia evolución da pandemia. En canto esixir a elaboración e financiamento do plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios asumindo a totalidade do sobrecusto, o protocolo existente xa contempla as medidas a implantar en canto á limpeza. En base a este documento, eles pola súa parte, elaboraron un protocolo e plan de limpeza que lle foi comunicado a todos os traballadores e este documento como o anterior non é un cadro fixo, senón que tamén, segundo evolucionen as circunstancias, irá adaptándose. Están neste momento nun proceso de implantación e irá determinando co persoal se é preciso facer algún reforzo puntual ou permanente nos distintos centros, en cuxo caso solicitarían que llo financiasen.

Di que a proposta pide emprazar á Xunta e abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do protocolo e di que no mes de xullo, a Xunta elaborou un primeiro documento que lle foi trasladado aos equipos directivos dos centros para adaptarse á nova situación. Que no mes de agosto, nesa comisión na que estaban presentes os ministros de sanidade e educación e representantes de todas as comunidades autónomas, establecéronse unha serie de medidas marco para todas as comunidades. Esas medidas foron recollidas no protocolo elaborado pola Xunta catro días despois desa reunión. Ese documento modificouse ese mesmo mes, concretamente a semana pasada, coas novas achegas do comité clínico, e hoxe mesmo o consello da Xunta presentou o plan de continxencia para educación non presencial e semipresencial. Por outra parte, o pasado día 9 de setembro convocouse o consello escolar de Galicia, que é un órgano participativo no que están representantes da comunidade educativa, así que non se pode dicir que non hai diálogo. Di que pola súa banda, non lles parece razoable apoiar a súa proposta de rexeitar o protocolo, polo tanto, o seu voto vai ser contrario.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón que di que abrir o diálogo cos centros e ANPA e demais axentes implicados non consiste unicamente en enviar un protocolo e asumilo, guste ou non, abrir un diálogo consiste en elaborar protocolos conxuntos e ver que medidas pode adoptar cada quen. Di que dous días antes do inicio de curso, reuníronse con distintas ANPA deste concello e di que por exemplo que no Ricardo Tobío informábanlles que se acababan de matricular nove novos alumnos, que non eran de infantil, que eran de distintos cursos, que é unha tendencia que se veu en todos os centros que non están masificados, o aumento de alumnos. Pola contra, dende a Consellería de Educación non se aumentou profesorado, incluso se eliminaron distintas unidades didácticas. Di que resulta "simpático", por chamarlle de algunha forma, que aparte de todo o protocolo, de separación de colexios, de grupos de convivencia estable, de separar os distintos cursos nos patios dos colexios, teñan que ir todos mesturados no autobús. Todo o que fixeron durante a xornada lectiva foi separalos por grupos para que non se mesturen uns cos outros, con dificultades tanto na entrada como na saída do colexio. Dous días antes, aínda non se sabía quen ían ser os encargados de revisar que as máscaras que levaban os nenos se utilizasen ben ou non. Non se sabía con seguridade cal era o protocolo ante un caso positivo, non se sabía nada dos servizos de conciliación e delegación. Dous días antes, aínda non se lle fixeran PCR nin a cuidadores, nin a persoal colaborador dos centros, por moito que moitos presumiran que se lles facían as PCR ao profesorado, o persoal colaborador tamén está en contacto directo, incluso ás veces cun contacto bastante máis estreito do que ten o profesorado. Todo isto, era dous días antes de comezar o curso, que por certo foi cando se enviou a moción. Cre que todo




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

este tema explica xa de sobra o porqué deste protocolo. Como ben dixo o Sr. Quintela, durante o confinamento, cando non eran necesarias as máscaras porque tiñan que estar encerradiños nas casas, o Sr. Feijóo dedicouse a regalar máscaras, en actos superbonitos cuns paquetiños cun logo da Xunta ben grande. Agora que son necesarias, que son obrigatorias, négase a pagalas votando en contra no Parlamento, a unha proposta que levou este grupo de que a Xunta asumise o custo das máscaras nos centros escolares. É un sobrecusto a maiores, aparte de todo o material que teñen que comprar as familias, porque o protocolo tamén establece limitacións sobre o material, xa que por un lado non permite que se comparta material na clase, que era algo que se facía en moitas unidade, limitando o gasto das familias, así como que o material do alumnado ten que quedar no colexio e non pode nin entrar nin saír, entón teñen dous xogos de material para cada neno. Di que se con todos eses motivos non é adecuado rexeitar o protocolo, di literalmente: *"igual viven nun mundo distinto"*.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño que di que non cren que a Sra. alcaldesa estea contenta co protocolo e co que está pasando nos colexios. Non o cren, porque hai moitísimas queixas do profesorado, dos pais e nais, da rapazada, das ANPA e de todo o mundo. E se ben é certo que se deron unhas medidas marco dende o goberno central de Madrid, tamén é certo que as competencias da Xunta de Galicia foron asumidas daquela maneira. No papel queda moi bonito, sona de marabilla, que si fixeron, que si dixeron, sona de marabilla; pero eles non escoitaron en ningún momento cal foi o presuposto dedicado para ese protocolo, porque un protocolo tan importante como pode ser o protocolo COVID-19 para solucionar grandes problemas que preocupan a toda a sociedade, ao profesorado, ao alumnado, aos pais e nais, a todo o mundo en concreto, e que diga que ten un presuposto cero, non o cren, porque, non pode funcionar ben. E esas son as queixas do profesorado e da comunidade educativa, de toda en concreto, din como van a arranxar cousas se eles o único que poden é mover mobles de aquí para alí, apartar máis ou menos, pero non teñen un presuposto para poder solucionar un montón de problemas: poñer paneis, cambiar máscaras, comprar material para poder cambialo. De feito, as profesoras e os profesores téñense que comprar eles o material, o mandilón que lle esixen poñer, a ela gustaríalle escoitar na intervención da alcaldesa cal foi o presuposto que mandou a Xunta de Galicia para aplicar ese protocolo porque ela asegúralle e preguntouno aos colexios e aos centros educativos e mandaron cero, e si se ampliou a ela ten moitas dúbidas de como vai pagar o goberno municipal esa ampliación de limpeza porque o presuposto que ten o Concello de Muros é o que fixo o seu grupo cando estaba no goberno e que ten sete anos, e como non se sabía que ía haber unha pandemia non se estableceu unha partida polo cal a alcaldesa non ten partida no presuposto para iso, nin se trouxo ningunha modificación para iso, por iso cre que hai que aprobar a proposta que se presenta ao Pleno da corporación porque hai que dicirlle á Xunta de Galicia que o ten que facer mellor, para eles non é insuficiente o que se está a facer e por iso van a votar a favor deste acordo.

Intervén polo grupo municipal CxG o concelleiro José Manuel Quintela Fernández para dicir que non sabe por que lles costa traballo ao goberno municipal dicirlle ao goberno amigo que non o fixeron ben e que rexeiten o protocolo que aprobou a Xunta é un xeito de dicirlle que o fixeron mal. Os centros educativos teñen todos os seus protocolos e con rexeitar este non vai pasar nada. Os custos son asumidos polos centros. Non sabe que lle custa dicir ao seu goberno amigo que lle dea cartos polo reforzo de limpeza e pregunta se se fixo ese reforzo porque entenden que sería con máis horas presenciais, e di que simplemente é darlle un toque e que outros o fixeron antes.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a señora alcaldesa para dicir que a Xunta acaba de contratar a 1890 profesores para reforzo, hoxe mesmo saíron publicadas no DOG a convocatoria de axudas ás ANPA que teñen comedores escolares e por unha parte o protocolo non o queren pero por outro din que diálogo non é impoñelo e non entende moi ben que se pretende con este rexeitamento. Di que non ten máis comentarios.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal CxG (2) e do grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal popular (4) adopta o seguinte acordo:

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID-19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobre custo.
3. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urgente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ás ANPA que teñan implantación na localidade.

Sexto.- Proposta de acordo do BNG sobre a organización e planificación das actividades extraescolares nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21


Intervén a señora alcaldesa para dicir que na comisión informativa correspondente se ditaminou favorablemente a proposta de acordo do BNG sobre a organización e planificación das actividades extraescolares nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021 e dálle a palabra para a lectura da proposta á voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que é do teor literal seguinte:

Ditame

“Exposición de motivos

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPA así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecusto de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e dende o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, os concellos non teñen competencias en educación nin en sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza. Malia isto, na disposición adicional 42 da lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza


en aplicación da Lei 27/2013 seguirán sendo prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se establece O marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos límitanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 establécese as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin O seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo regúlase as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares. Asociacións de nais e pais de alumnado manifestaron a súa disposición a



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

seguir prestando estes servizos, imprescindíbeis para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecusto. Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas FANPA.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar á totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do sobrecusto no sistema educativo. As declaracións do presidente da Xunta en funcións sobre as obrigas que teñen que asumir os concellos en materia de financiamento e sobre as FANPA (ás que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.


Por estes motivos, ditaminada pola comisión informativa elévase ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo conurxencia por parte do Concello de Muros un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento das actividades extraescolares no curso 2020-2021.*
- 2. A constitución dunha comisión que estea formada por representantes de todas as ANPA dos centros de ensino públicos do Concello de Muros, coa que a Concellaría de Educación manterá un diálogo para a organización, supervisión e colaboración do programa de actividades extraescolares.*
- 3. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, aos centros de ensino municipais e ANPA ou ANPA que teñan sede no Concello de Muros*

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que non ten nada que manifestar e que están de acordo.

Intervén polo grupo municipal CXG o concelleiro don José Manuel Quintela Fernández para dicir que quere pedir que se convoque o Consello Escolar Municipal e interrómpele a señora alcaldesa para dicir que están niso ao que lle replica o concelleiro que así está o resto e ve que todo o mundo está chegando tarde a todo e cre que xa o terían que ter convocado. Di que constituír unha comisión que estea formada pola representación de todas as ANPA é o Consello Escolar Municipal e repite que se vai tarde.

Intervén a alcaldesa para dicir que solicitan que apoiem as reivindicacións das ANPA, extremo que non se concreta en absoluto abrindo con urxencia un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento das actividades extraescolares. Di que chegan bastante tarde e que xa hai tempo que se ten aberto un diálogo coas ANPA e cos centros educativos. Di que non lle consta reivindicación dalgunha das ANPA que non estea atendida e de feito practicamente todas as necesidades que foron trasladadas dende os centros e das ANPA cara ao inicio do curso, están solucionadas ou en vías de solución. Arranxouse as goteiras do colexio




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

infantil de Tal, renovouse o seu mobiliario, cambiouse a marquesiña do colexio de Esteiro, pintáronse os corredores e estase á espera dunha pista para o seu patio, fixéronse melloras eléctricas no de Louro, acondicionouse San Xosé para que os nenos e nenas da escola infantil o usen, estase á espera dunha grande intervención da Consellería de Educación en Valdexería... A conselleira de Educación asistiu nesta semana a sete consellos escolares, órganos onde están representados os pais e naisdo alumnado na que se trataron cuestións sobre as actividades nas horas lectivas e extraescolares. O protocolo que rexeitan establece que as actividades extraescolares fóra do horario lectivo e dentro do recinto educativo sexan organizada polas ANPA ou polo Concello e estea condicionada á aprobación dun protocolo que se establecerá como anexo no Plan de adaptación do centro e determinará as medidas de precaución e protección fronte ao COVID-19, asignaranse posto fixos ao alumnado para todo o curso escolar para evitar os contaxios e as actividades realizaranse preferentemente de xeito telemático evitando xuntanzas que supoña un número elevado de persoas, que segundo a representante do BNG non terían dificultades, mais si no autobús escolar A pesar de que xa están resoltas as axudas ás ANPA, axudas que o BNG rexeitou porque un dos criterios de reparto era o número de alumnado de cada centro, e non dubidan en incrementar un número de actividades que oferta o Concello, está aberta a escola de música, as clases de reforzo, a piscina e a pista de pádel, están pondo a punto as pistas deportivas, pero queren facelo con seguridade e que se respecten as medidas hixiénico sanitarias e isto require un tempo de planificación e un tempo de implantación, e tamén é verdade que por parte dos equipos directivos dos centros hai certas reticencias a deixar entrar nos centros a persoas alleas a estes polo momento mentres se observa como evoluciona a situación actual. Si están elaborados os protocolos para as aperturas de instalacións deportivas e culturais por parte das asociacións e xa se están facendo actividades, pero van actuar con cautela, optimizando estas actividades e valorando que outras se poden ir desenvolvendo se hai demanda. Piden tamén a constitución dunha comisión onde estean representadas as ANPA, pero xa teñen o Consello Escolar Municipal, que o señor Quintela non debe saber como funciona xa que nunca o convocaron pois teñen que designar representación distintos estamentos, sindicatos, profesorado, ANPA, alumando..., e eles non son partidarios de crear máis órganos. Ata tramitar a convocatoria do Consello Escolar Municipal se teñen que designar representantes de distintos estamentos; sindicatos, Anpas, alumnos, profesores nun procedemento que teñen que facer eles e dende o goberno se solicitou para poder convocar ese Consello Escolar Municipal.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que primeiro en relación coas axudas as ANPA, emendar non significa rexeitar e o seu grupo o que fixo foi emendar aquelas axudas, emenda que non prosperou, pero en ningún momento as rexeitaron e votaron en contra. En segundo lugar, o que falan é das actividades extraescolares que permitan a conciliación, o que non se lles ocorre é que as familias teñan que deixar de traballar, tendo en conta a que está caendo, e que teñan que ser as persoas máis vulnerables das familias as que se expoñan a ter que coidar dos nenos e nenas co que iso implica.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que despois de escoitar di que ou as ANPamenten, xa que a eles tamén lles trouxeron queixas, ou deben de estar contentísimas, quere preguntar se as cousas que leu a alcaldesa se fixeron ou están en marcha igual ca o consello escolar. Respóndelle a alcaldesa que si. Di a señora González que as ANPA deberían estar felices e non o están. Están protestando, a dicir que non poden conciliar a súa vida familiar por falta da organización das actividades extraescolares. Di que lles parecerá moi ben que se pinte o colexio ou que se poña unha porta, pero



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


protestan polas actividades dos rapaces, e volve a preguntar se é mentira todo o que din as ANPA, di que a eles lle veñen queixas, vén a proposta de acordo e pensan en apoiala e agora veñen aquí e a alcaldesa le tres folios sobre, supoñen peticións das ANPA e pensa que hai algo que se están a facer mal, porque senón, non protestarían, e isto é o motivo polo que van a apoiar esta proposta.

Intervén polo grupo municipal CXG o concelleiro don José Manuel Quintela Fernández que di que o que se leu foron as obras de mantemento dos colexios que se fan todos os anos, que non se contou ningunha novidade, e di que o punto non fala do mantemento, senón das actividades extraescolares. Di que a pista de Esteiro se vai a facer porque Compromiso meteu nun proxecto realizar esa obra, non porque a vaia a facer o goberno, e agora rinse todos, pero está a obra de Freixeiros de saneamento adxudicada, e está nese proxecto a pista do colexio. Xa dixo antes que non sabía de todo, e como funciona o Consello Escolar Municipal ten que sabelo a señora secretaria e cando lle fixera falta saber algo, diríamo ela. E que se lle di que notificaron agora que nomeen os membros do consello, pregunta por que non estaban nomeados, cando se tiñan que renovar, por que non se renovaron ou non estaban nomeados, el descoñéceo e non ten ningún problema, di que lle vai a botar a culpa ao goberno de Compromiso e xa están afeitos a iso, foron catro anos de dicir desgoverno e pregunta se cambiou algo. Di que agora non é CxG, agora é o partido popular acompañado de quen lle deu ese aplauso magnífico, interrompe a señora González para dicir que é por eles, e pide perdón.

Intervén a alcaldesa para dicir que o Consello Escolar Municipal é un órgano que xa existe, que nunca se convocou e para nomealo teñen que esperar a que empece o curso, porque non hai nin ANPA nin alumnado, nin profesorado, nin equipos directivos, ni ninguén que nomee aos membros das ANPA. Di que se aprobou neste Pleno convocar as axudas para que as ANPA fixeran as actividades extraescolares que consideraran oportunas. Esa resolución desas axudas, que ademais son prepagables, xa se fixo, déuselle a posibilidade ás ANPA, a oportunidade de reformular as súas solicitudes dado o cambio de situación, e só unha o fixo. Di que eles cren na liberdade e na democracia e por iso considera que deben ser elas as que decidan as actividades que queren facer. Se agora que estamos nun momento tan complicado para facer actividades, dende logo dende o Concello se lle vai botar unha man para facelo, pero facelo ben e con seguridade e van a ir vendo como se desenvolven as cousas e en función do que vaia pasando atenderán as demandas. Dille ao señor Quintela que efectivamente cambiaron moito as cousas neste concello, porque di que el era concelleiro de Obras e dende o POS do 2017 que tiveron que executar, interrúmpelle o concelleiro para dicir que polas rotacións de persoal, continua a señora alcaldesa que lle pide que non interrompa e dille que o seu goberno están traballando niso con bastante máis empeño do que traballaron eles.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación cos votos a favor de grupo municipal socialista (4), do grupo municipal CxG (2), do grupo municipal do BNG (2) e coa abstención do grupo municipal popular (4) adopta os seguintes acordos:

1. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte do Concello de Muros un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento das actividades extraescolares no curso 2020-2021.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2. A constitución dunha comisión que estea formada por representantes de todas as ANPA dos centros de ensino públicos do Concello de Muros, coa que a Concellaría de Educación manterá un diálogo para a organización, supervisión e colaboración do programa de actividades extraescolares.

3. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, aos centros de ensino municipais e ANPA ou ANPA que teñan sede no Concello de Muros

Sétimo.- Proposta de acordo do PSdG-PSOE a favor de regular o tránsito de vehículos nas rúas da vila: A Xesta, Real, Pescadería e Ancha, cara a facilitar a peatonalización das mencionadas rúas

Intervén a señora alcaldesa para dicir que na comisión informativa correspondente se ditaminou favorablemente a proposta de acordo do PSdG-PSOE a favor de regular o tránsito de vehículos nas rúas da vila: A Xesta, Real, Pescadería e Ancha, cara a facilitar a peatonalización das mencionadas rúas e dálle a palabra para a lectura da proposta á voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que é do teor literal seguinte:

Ditame:


"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Sendo a regulación do tráfico en vías municipais, unha das moitas competencias que ten o noso Concello, non está de máis facer reflexión sobre os problemas de tráfico nas rúas citadas, xa por non abandonar ao resto das rúas, que será motivo doutra moción.

Nestas rúas (de maneira concreta, as citadas: A Xesta, Real, Pescadería e Ancha), incrementouse o tránsito de vehículos, pero isto, de maneira irregular. E dicimos de maneira "irregular", porque moitos dos vehículos que por elas transitan, non respectan as máis mínimas normas de circulación, e máis de concreto que non se respecta a velocidade mínima en vías que non dispoñan de beirarrúas, que non outra que máximo de 10 km/h, o que provoca unha máxima inseguridade para os peóns que transitan por elas.

A maiores, na rúa Ancha, os vehículos de pequeno porte e camións, seguen sen respectar a sinal de dirección prohibida, que impide a circulación dos vehículos que transitando pola comarcal AC 550, queren, acceder e acceden ao centro do casco histórico da Vila. Vehículos e camións acceden a rúa Ancha, provocando un caos real, amais de provocar, no caso dos camións, unha sorte de danos no pavimento de pedra que pagamos todos os veciños de Muros, e que supoñemos e intención de goberno municipal de Muros, seguir co empedrado, en toda a rúa Real, na A Xesta e nas rúas perpendiculares a elas.

Está petición ademais de ter como fin o regulamento do tránsito de vehículos no casco histórico, tamén, deberase ter en conta a efectos de poder facilitar a ocupación de espazos públicos, con terrazas, exposición de comercios, e outras utilizacións compatibles por os propietarios dos baixos comerciais existentes en esas rúas, sendo este regulamento un aliciente e unha medida dirixida a dinamizar as rúas principais da vila que agora se encontran deprimidas, con multitude de baixos pechados.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O relatado é de coñecemento da veciñanza, e tamén dos membros da Corporación Municipal Muros, e por iso, faise necesario dar solución ao exposto, para o que, este grupo municipal, propón ao Pleno do Concello, ao adopción das seguintes medidas:

1ª Que o Pleno da Corporación acorde iniciar os trámites para aprobar a PEATONALIZACIÓN DAS RÚAS A XESTA, REAL E ANCHA, e iso coas seguintes consideracións:

a) Que quede prohibida a circulación de calquera vehículos a motor nas rúas citadas, a excepción dos vehículos de residentes que dispoñan de garaxe autorizado.

b) Que só se permita a circulación de vehículos co fin a carga e descarga, para a atención de uso a particulares e comerciantes, entre as 7.00 e as 10.30 h da mañá.

c) Que só se permita o acceso a vehículos de xestión de sucesos (GES, ambulancias, bombeiros, protección civil, reparto de butano, servizo de recollida de lixo, brigadas municipais, policía local e outros corpos de seguridade, etc).


d) Que os vehículos de xestión de obra particular teñan a obriga de contar con permiso municipal de acceso, en tempo e horas determinadas.

e) Que se sinalice de forma expresa a prohibición de acceso dende a rúa Miraflores á praza de Galicia, podéndose acceder as rúas Perriola e Fornos.

f) Que se dispoña a sinalización das rúas, conforme ao acordado.

g) Que se comunique o acordo a Xefatura da Policía Local, para os efectos de cumprimento do acordado"

Segue a súa intervención a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño dicindo que o outro día cando se presentou esta proposta de acordo no pleno, esperaban que o resto dos grupos municipais trouxeran achegar e ningún a levou, pero que na comisión informativa o outro día falouse de que había que ampliar un pouquiño máis isto, en concreto como se solucionaríase o tema do acceso de persoas con pouca mobilidade a esa parte de arriba. Eles cren que sería unha medida moi importante para dinamizar o casco histórico e que é unha medida que se está a tomar en todos as cidades, Santiago, Pontevedra, incluso Vigo ou Lugo e cren que é unha necesidade imperiosa tendo en conta que as distancias en Muros no casco son moi pequenas, non hai máis de 200 m e cren que sería moi fácil facelo, simplemente habería que contar os garaxes, que son moi poucos, poñer un horario de reparto, cortar os accesos e darlle acceso a xente que necesariamente o precise, servizos urxentes, ambulancias etc. Hai xente que ten propiedades na rúa de arriba que están inutilizadas porque agora é perigoso e complicado saír dalgunhas partes da rúa de arriba e desfai o pavimento. Cando os grupos municipais votaron no Pleno quitar os *bolardos* e bancos para desfacer a praza que fixo o partido socialista era para dinamizar a rúa de arriba e o único que conseguiron foi que desfizeron o pavimento e sexa un sitio de mal aparcamento. Di que cre que sería boa cousa iniciar eses trámites canto antes, di que eles necesitarían, e a vila de Muros tamén, un pouquiño máis de celeridade, si é verdade que CxG cando estivo




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

gobernando non fixo absolutamente nada nin iniciou nada, ao revés, non queren verse outros catro anos que se acordaran cousas no Pleno e non se viran e parécelles importante que a partir de agora, e se pode ser antes de semana santa, isto puidera estar feito.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que o 18 de xuño de 2016 formulouse no Pleno de aquel mes, estando o seu compañeiro Manu de voceiro e Paula tamén, unha moción que trataba de dinamizar a rúa de arriba. Di que os primeiros puntos daquela moción dicían: “a peatonalización das rúas Real e A Xesta, permitindo o tránsito dos vehículos só a residentes e a carga e descarga”. Di que naquel momento precisamente por este punto tirouse abaixo a moción, uns non o aceptaban e outros non o viron urxente. Di que elas son partidarias da peatonalización pero sempre enmarcada nun plan de reactivación, peatonalizar sen máis cre que non axudaría a rúa de arriba e di que non se pode comparar Muros con Santiago, con Coruña, con Vigo, xa que Muros é unha vila, non unha cidade, a cantidade de xente que pode vivir no casco de Muros non é a cantidade de xente que pode vivir no casco de Compostela, a cantidade de negocios que se moven no casco de Compostela tampouco é a cantidade de negocios que se moven no casco de Muros e di que igual se podería mirar un pouco máis noutras vilas máis pequenas, como pode ser o caso de Allariz, que fai anos que ten peatonalizado todo o seu casco e con resultados bos, e boa dinamización da súa zona antiga e con este motivo, di que chamaron ao concello de Allariz e preguntaron, porque por non ser conscientes pódense cometer erros, eles no 2016 tampouco eran conscientes de todas as necesidades, e un deles como dixo a voceira do grupo municipal socialista é o tema das persoas con mobilidade reducida, o primeiro punto di especificamente que quede prohibida a circulación de calquera vehículo a motor nas rúas citadas e di que unha cadeira de rodas cun motor pregunta se se considera vehículo a motor ou non, en Allariz dixéronos que non se consideran vehículos, pero ao mellor unha bicicleta que ten un motor auxiliar si. Cre que hai demasiados puntos que hai que pulir e hai que ter en canto o que di a exposición de motivos de facilitar a ocupación de espazos públicos, con terrazas, exposición de comercios, e demais. Di que a ordenanza de terrazas do Concello de Muros establece que naquelas beirarrúas que teñen menos de cinco metros e medio, só se pode pór unha ringleira de mesas o que daría lugar que na rúa de arriba só se puideran poñer terrazas estendidas nas prazas, da mesma forma habería que dar sempre paso a un vehículo. Cre que hai demasiadas cousas que pulir e volve a dicir que non estaría mal poñerse en contacto con quen xa levan anos traballando nese camiño e saben os problemas cos que xa se atoparon para non caer neles.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que tal e como quedou claro na comisión informativa, esta proposta tal e como vén redactada non era viable porque precisa da correspondente tramitación administrativa previa, e eles nese senso, presentaron unha emenda que se aceptou para que o Pleno acorde iniciar os trámites para aprobar un plan de peatonalización destas rúas. Di que non se trata de poñer un sinal de prohibido o paso e xa está, trátase de dar resposta ás necesidades que a veciñanza e comerciantes da rúa de arriba teñen ao mesmo tempo que se habilitan esas rúas como peonís. Di que efectivamente no ano 2016, tratando unha moción do BNG sobre a dinamización do casco histórico, xa puxeron de manifesto que calquera proceso deste tipo require a participación das persoas afectadas, veciñanza, comerciantes e dos prestadores de servizos, cousa que nin o BNG naquel momento, nin o PSOE agora parece ter en conta. Di que un proceso de peatonalización dende o seu punto de vista, ten que considerar diversas cuestións, primeiro, a veciñanza e os establecementos alí situados, di que no seu caso ademais o mercado, as necesidades de carga e descarga dos establecementos, a




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

pavimentación, o aparcamento, a recollida de lixo, o mobiliario urbano, as terrazas, as necesidades de mobilidade reducida... di que hai moitas cousas ás que hai que dar resposta para que este sexa un proceso beneficioso para todos e todas. Di que como manifestaron na comisión informativa están abertos a valorar a implantación da peatonalización das rúas e pensan que pode ser un valor engadido para o casco, pero cre tamén que debe facerse tendo en conta ás persoas afectadas e dando resposta a distintas problemáticas que xurdan. Di que ela particularmente visitou Allariz, e pola man da súa alcaldesa ou concelleira puido ver as cousas que alí se formulaban, tamén foi a outros sitios, e pensa que pode ser unha cousa boa pero ben feita.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que eles cando estiveron no goberno fixeron a ordenanza das terrazas e coñecen a normativa e di que por suposto na rúa de arriba non hai ningunha beirarrúa e non se pode facer un símil dunha rúa cunha beirarrúa co cal non se lle pode aplicar a normativa das terrazas, polo que entende que o grupo do BNG non sabe por onde *van os tiros*, e di que é un pouco incongruente que se diga que ten un montón de problemas e son conscientes por iso o deixaron enriba da mesa para que se fixeran achegas que ninguén fixo. Di que se está loitando dende os outros grupos para levar o mercado para arriba cando se sacou precisamente para que non houbera problemas e un dos beneficios que tivo precisamente sacar o mercado da rúa de arriba foi darlle vida á Pescadería vella coas terrazas que agora hai e que antes non podía haber, porque se aparcaba na praza e os martes e venres había grandes problemas cos feirantes porque eles querían poñer as súas cousas e os dos restaurantes e os bares querían poñer as súas terrazas co cal, di, gañouse moito con sacar de alí os vehículos e conseguíuse dinamizar esa contorna xa que é unha praza que tanto aos turistas como aos muradáns visitamos moitísimo. Con respecto ao mobiliario urbano di que o pouco que había se quitou porque os bancos como eran independentes non valían e que lle gustaría saber onde están, que foron bancos que costaron moito diñeiro, de deseño e alegraban moito esa praza e desexan que algún día se vexan outra vez alí. En canto a que hai que estudar máis esta proposta, están de acordo, pero piden que se inicien os trámites, que se tome en serio, que é unha medida moi boa para a vila e podíamolo transmitir á rúa da Xesta, que foi unha das rúas onde houbo máis comercio no concello de Muros e agora mesmo non hai nada porque foi morrendo e a xente foi vindo para baixo. Con respecto á comunicación á veciñanza parécelle ben pero di que non é preceptivo, non é vinculante. Parécelle ben que opine toda a veciñanza de Muros, e di que eles o ven moi importante, necesario e fundamental e agradecerían que se iniciaran os trámites e que non se ande para diante e para atrás.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que eles cren que non foi o tránsito de vehículos o que acabou co mercado na rúa de arriba e si puideron ser outros hábitos de compra, así como potenciar a rúa de abaixo, o que ven sendo a rúa Castelao, e repite que peatonalizar, se non se fai nada máis que iso, non vai dar resultado, ten que ir todo acompañado dun plan de dinamización, convocar á mesa sectorial que se aprobara xa daquela e poñer a andar definitivamente o plan de reactivación e incluír nese plan este punto e que así si faría efecto. En canto da normativa de terrazas entende que non pode haber unha normativa distinta para unha beirarrúa que para unha rúa peonil e non se vai a ocupar máis e se está a limitar máis un espazo que non necesita darlle paso a un vehículo de emerxencias máis que a un espazo que si, eles consideran que de poñer unha normativa distinta non debería ser nunca máis laxa que a que hai nas beirarrúas.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a alcaldesa para dicir que o que si existe é unha normativa sobre o establecemento de zonas peonís nunha das ordenanzas que está en vigor neste concello e o primeiro que haberá que ter en conta é o que dispoña esa ordenanza por se hai que formularse ampliála ou modificala ou facer algunha outra cousa. Todo o resto de cuestións, de mobilidade, de mobiliario urbano, que non son só os bancos, lle di a señora González, tamén hai iluminación, papeleiras, que tamén hai que telo en conta. Di que eles van a apoiar a proposta que lles parece ben, pensa que pode ser positivo para o concello e para o casco, pero sempre contando ca participación dos que van a estar directamente afectados por estas medidas.


Rematadas as intervencións o pleno da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4) e grupo municipal socialista (4) e coa abstención do grupo municipal CxG (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

1ª Que o Pleno da Corporación acorde iniciar os trámites para aprobar a PEATONALIZACIÓN DAS RÚAS A XESTA, REAL E ANCHA, e elo coas seguintes consideracións:

- a) Que quede prohibida a circulación de calquera vehículos a motor nas rúas citadas, a excepción dos vehículos de residentes que dispoñan de garaxe autorizado.
- b) Que só se permita a circulación de vehículos co fin a carga e descarga, para a atención de uso a particulares e comerciantes, entre as 7.00 e as 10.30 h da mañá.
- c) Que só se permita o acceso a vehículos de xestión de sucesos (GES, ambulancias, bombeiros, protección civil, reparto de butano, servizo de recollida de lixo, brigadas municipais, policía local e outros corpos de seguridade, etc).
- d) Que os vehículos de xestión de obra particular teñan a obriga de contar con permiso municipal de acceso, en tempo e horas determinadas.
- e) Que se sinalice de forma expresa a prohibición de acceso dende a Rúa Miraflores á Praza de Galicia, podéndose acceder as rúas Perriola, e Fornos.
- f) Que se dispoña a sinalización das rúas, conforme ao acordado.
- g) Que se comunique o acordo a Xefatura da Policía Local, para os efectos de cumprimento do acordado

Oitavo.- Proposta de acordo do PSdG-PSOE de presentación de alegacións ao proxecto de Lei de cambio climático e transición enerxética

Intervén a señora alcaldesa para dicir que na comisión informativa correspondente ditaminouse favorablemente a proposta de acordo do PSdG-PSOE de presentación de alegacións ao proxecto de Lei do cambio climático e transición enerxética e dálle a palabra para a lectura da proposta ditaminada ao concelleiro do grupo municipal socialista don Ramón Lago Tajés que é do teor literal seguinte:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Ditame:

No Ministerio de Medio Ambiente en Madrid estase a elaborar a Lei para o cambio climático e transmisión enerxética, que modificará a Lei de costas, Lei 2/2013 de 29 de maio de protección e de modificación da Lei 22/1988 de 28 de xullode Costas, que actualmente está en período de alegacións e presentación de emendas.

O grupo municipal socialista muradán, considera que dita lei e en concreto o art. 18-4 pode resultar prexudicial para os empresarios da costa galega, e en concreto para a nosa costa, xa que eles como todos sabemos son un motor moi importante na nosa economía, e creadores de gran número de postos de traballo que se poderían ver afectados, pola aprobación de dita lei tal e como está redactada, xa que entendemos que os titulares de diversas explotacións relacionadas co mar poderían ver limitados os prazos de prórrogas das súas concesións, cremos que en concreto o seu art. 18-apartado 4, e prexudicial para a nosa comarca, pois limita a posibilidade de ampliacións de prórrogas de concesións os empresarios do mar, e por tanto presentamos a seguinte modificación do citado artigo, co fin de garantir os dereitos de todas as persoas que en Galicia e en concreto, na costa do Barbanza se dedican a industria do mar e actualmente son creadores de gran número de postos de traballo.

ENMIENDA

Artículo 18, Apartado 4. Consideración del cambio climático en la planificación y gestión de dominio público marítimo terrestre.

Enmienda modificación.


Donde dice;

4. Los plazos de duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo terrestre se computarán en todo caso desde su otorgamiento e incluirán todas sus prórrogas, de ser éstas posibles, sin superar los plazos máximos establecidos en la Ley 221988 de 28 de julio, de Costas y en la Ley 33/2003, de 3 de noviembre de patrimonio las administraciones públicassiendo nulos de pleno derecho los actos administrativos dictados en incumplimiento de lo previsto en este artículo”.

Debería decir:

4 Los plazos de duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo terrestre se computarán desde su otorgamiento e incluirán todas sus prórrogas. de ser éstas posibles, sin superar los plazos máximos establecidos en la Ley 27/1988, de 28 de julio, de Costas y en la Ley 33/2003. de 3 de noviembre de patrimonio de las administraciones públicas siendo nulos de pleno derecho los actos administrativos dictados en incumplimiento de lo previsto en este artículo. Quedarán exceptuados de lo establecido en este apartado los títulos de ocupación del dominio público marítimo terrestre vinculadas actividades de acuicultura, depuración de marisco y conserveras y cualquier otra relacionada con el sector mar-industria que tenga carácter sostenible.

Justificación:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Se solicita que se diferencie entre los usos vinculados al sector mar-industria por tratarse de actividades sostenibles, vinculadas a la Gestión de recursos naturales y que por sus características es necesario que se asiente en el borde marino, de otro tipo de ocupaciones del territorio mucho más agresivas con el litoral y el medio ambiente.

Este apartado, en su redacción actual, no tiene en cuenta las peculiaridades de la costa gallega y la importancia socioeconómica del sector mar-industria del que depende una parte importante de los municipios costeros y que sostiene miles de empleos.

Tal y como se encuentra redactado este apartado compromete el desarrollo sostenible de la región, pues. afecta a la viabilidad económica de actividades sostenibles vinculadas al sector del mar-industria, que verían acortadas, cuando no directamente finalizadas de forma inmediata, sus concesiones y pone con riesgo el sustento de muchas familias.


INTERESAMOS AO PLENO DA CORPORACION:

1.- Que se acorde a aprobación da presente emenda á Lei 2/2013 de 29 de maio de protección e de modificación da Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas para o cambio climático e transmisión enerxética, e se envíe ao Goberno de España, para a súa inclusión, e modificación do art. núm. 18-4.

2.- Que se inste ao Goberno de España, na persoa da súa ministra Teresa Rivera, a que se teña en conta na redacción de dita lei as peculiaridades da nosa costa e a importancia do sector-mar-industria do que depende gran parte dos nosos municipios costeiros e que sostén miles de empregos, garantindo así a súa continuidade con todos os dereitos que ata agora tiñan.”

Intervén polo grupo municipal CXG o concelleiro don José Manuel Quintela Fernández para dicir que falan de alegar o artigo 18.4, manteñen o texto actual e engaden un parágrafo e el entende que engaden isto para eliminar para ese tipo de instalacións o período máximo de concesión, que son 75 anos actualmente, pero alegan só sobre o artigo 18.4, cando no artigo 18.3 tamén se fala da maneira na que se conceden as prórrogas referido ao título 3, que é onde se recolle os períodos e as formas de concesións e prórrogas ata un máximo de 75 anos. Di que se está alegando só unha parte do artigo cando se debería alegar tamén sobre todo o artigo 18.3fala das concesións, prórrogas e demais e pregunta se lle poden aclarar algo e de momento non ten nada máis que dicir.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que coinciden co partido socialista nun punto, no que a lei no seu conxunto non ten en conta para nada as particularidades da costa gallega. Sobre a proposta, a necesidade de avaliar todo este tema considerando os aspectos económicos, sociais e ambientais é máis que manifesta, así como a necesidade de ordenar o uso do dominio público marítimo terrestre, como di o seu nome é público, nunca se debe dar unha concesión por tempo indefinido e con esta modificación que se propón queda un pouco ambiguo. Di que dende o BNG defenden que Galicia teñan as competencias sobre mar e costas e o BNG no parlamento directamente pediu a eliminación de todo o punto 18 desta lei. Con respecto á proposta do grupo municipal socialista, di que se está a elaborar a lei pero a realidade é




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

que o proxecto de lei xa foi aprobado polo goberno, levado ao parlamento e non está no trámite de presentación de emendas, despois de varias prórrogas o prazo rematou o 23 de setembro que foi onte, di que agora están na fase de debate parlamentario e a emenda que se inclúe foi presentada polo PSOE no trámite parlamentario, iso si é certo pero dende o concello non estamos en tempo de presentala e di que o que corresponde é facer unha declaración política, declarando as particularidades da nosa costa, di que é certo que esa lei está pensada para outras zonas costeiras que non teñen un sustento do mar como o temos aquí, e por outro lado, sobre o termo sostible di que non queda claro que é ou non é unha industria sostible. Di que hai empresas elaborando produtos procedentes do mar que non teñen que estar necesariamente en dominio público marítimo terrestre e se se fala dunha planta de piscifactoría entenden que si, pero si se fala dunha conserveira pódese emprazar fóra deste dominio público. Eles o que propoñen é elaborar unha declaración política conxunta na que se deixe claro a singularidade da nosa costa e o posicionamento en clave de país e a retirada de todo o punto 18 da Lei para o cambio climático e transición enerxética.

Intervén a alcaldesa para dicir que o grupo socialista presenta unha alegación, addenda ou emenda, que parece que eles non saben moi ben que é para frear a incerteza que xera o proxecto de lei de cambio climático en relación coa duración ou cómputo dos prazos das concesións do dominio público marítimo terrestre. Aplauden que a maioría das alcaldías e voceiros do partido que goberna no estado se dean conta por fin do que xa vén denunciando a Xunta de Galicia e o conxunto de sectores dende que tivemos coñecemento das intencións do goberno. Di que é innegable que a súa postura é un paso adiante, por iso eles van a votar a favor da proposta pero chámalles bastante a atención que despois de ter que ratificar neste Pleno dúas solicitudes de concesión administrativa para ocupación de dominio público, unha para un colexio, e outra para a instalación dun saneamento, non se fale en ningún caso das instalacións públicas que están tamén en zona de dominio público inevitablemente, porque Muros coa súa configuración non ten outra posibilidade de poñelas noutro sitio. Di que eles piden que esta addenda, emenda ou alegación ou o que sexa se rexistre no congreso e que o congreso e o ministerio a acepten, que non quede en papel mollado para dicir que se apoia a cadea mar-industria. Concretamente no noso concello, instalacións e edificacións afectadas por esta normativa son 105, nada máis e nada menos, e cre que é un tema bastante importante e precisan que as administracións locais afectadas, as empresas do sector, todos, precisamos seguridade xurídica e como di a voceira do BNG unha mirada galega para este proceso, di que temos que ser capaces de facerlle ver ao ministerio que esta norma é un despropósito nos concellos costeiros e agardan que así sexa.


Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que si se está en prazo para facer alegacións, di que de momento se seguen coas prórrogas e que non empezou o debate parlamentario. Di que se dende logo no Concello de Muros alguén se preocupou pola viabilidade das edificacións tanto privadas como públicas e dos grandes problemas que o concello de Muros tivo coa lei de costas foi o grupo socialista porque foron os únicos que foron quen de modificar a liña de costas, di que fixeron 12 alegacións e desas acolléronse 6 e foi sonado en todo o país, entre elas, parte de Abelleira, Esteiro e Muros, e iso fixérono eles cando tiñan unha oficina urbanística que lle molestaba moitísimo a CXG. Di que os do grupo do BNG son os de nin como nin deixo comer, os de que si pero non... din que as fábricas de peixe ou de marisco poden poñerse noutro lado, e di que claro que se poden poñer noutro lado, onde lles sexa economicamente viable, di que está moi claro que se se pon unha depuradora de moluscos en Cruz de Pelos vai a costar facer as baixantes pero o



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

BNG non ve máis alá da punta do nariz, como non o fan eles non vale. Di que efectivamente saben que hai en Muros 105 instalacións afectadas pola lei de Costas porque un dos problemas máis grandes no concello, o máis bonito é a costa porque estamos metidos nun *corsé* importante. Di que hai veciñanza que está pagando multas por facer reformas nas súas casas que deberían estar permitidas pero ao ser a lei de Costas moi restritiva, un pouco que te pases, múltase. Di que eles non queren perder a costa, pero tamén queren seguir vivindo e a maior parte das instalacións que xeran postos de traballo no concello están dentro do dominio público ou polo menos dentro da franxa de protección, e di que se ven as fábricas vellas que hai por aí desgraciadamente pechadas onde están, porque era a forma máis economicamente viable de poñer a funcionar unha fábrica. Di que tristemente, agora, para as fábricas que están a funcionar no concello, todos son atrancos e estamos conseguindo que as empresas, o de Tal, o de Abelleira, que lle molesta moitísimo á xente de Abelleira na vista, cando antes tiñan aí unha mala ruína chea de ratos, e agora hai unha fábrica con 100 persoas e moléstalles moito, o que van a conseguir é que o empresario compre noutro lado e como é habitual no concello, despois choramos. Di que se chorou cando foi a fábrica de Dani para Carnota e se chora por todo, porque non hai onde traballar e aquí vai pasar o mesmo. Di que por iso dende o grupo socialista queren primeiro preservar os postos de traballo, segundo, Muros é un pobo mariñeiro que vive do mar non só das depuradoras, senón do berberecho, das bateas, do arrastre, do pouco que queda das artes de pesca, e cren que esta lei se fixo mirando para o Levante e para Andalucía e non mirando para arriba e debemos ser nós, e parécelles ben que todos apoiem esta proposta pero di que debería ser unha proposta feita por todos e di que cada vez que hai un problema importante en Muros sae a defendelo o grupo socialista e aínda recorda cando quixeron aprobar o peche do porto e o único que fixo unha moción e un recurso foi o grupo socialista e agora vai a volver a pasar o mesmo. Di que o señor Quintela preguntaba por quen non falamos do punto 3 do mesmo artigo e di que eles empezaron ben dicindo que o solo de estado non se pode privatizar e eles non piden que se private nin piden que sexa máis de 75 anos, que sexan eses anos, pero o que si piden é que eses 75 anos se conten de forma distinta e tal e como está redactado para eles é un pouco ambiguo e non dá seguridade xurídica é iso é o que nos di a xente do mar. Di que eles confían plenamente na vontade da ministra e ogallá gobernarán eles toda a vida, pero como non vai a estar, hai que deixar as cousas ben feitas e o escrito, escrito está. Di que a súa proposta é que as instalacións que están en dominio público ou en zona de protección e que leven consumidos, 30, 40, 50, 60 anos, que esas prórrogas extraordinarias se computen dende o minuto cero e cal é o contra argumento, e a quen lle termine a prórroga que pida unha nova concesión, pero onde antes si se poido poñer unha nave, coas novas leis non van a poder conseguir unha nova concesión, e o que piden é unha garantía xurídica para a xente que xa ten esas naves e esas industrias e se lle pode dicir que poden seguir investindo aí porque non se van a quedar sen a concesión. Doutra maneira di que se se limita o tempo se lle está a dicir, vostede invista e mañá *Deus dirá* e cre que iso sería prexudicial e o están a dicir de forma garantista e non ven cal e o problema de excluír as fábricas que están dando postos de traballo na costa e por iso traen a proposta que se eleva ao Pleno.

Intervén polo grupo municipal CxG o concelleiro José Manuel Quintela Fernández para dicir que realmente non se lle contestou. Di que o artigo 18.3 que é o que menciona as concesións fai referencia ao título 3 da Lei de costas e esta lei nese título terceiro regula a forma de concesión de autorizacións e prórrogas no que di que se concederá autorización por un período con uns posibles anos de prórroga e cando ese período remate poden volver a solicitar a concesión por un período igual ao concedido inicialmente e en ningún caso poderá superar os 75 anos, e o que di o título terceiro e é o que recolle o artigo 18.3 desta lei o proxecto lei ou no trámite que estea



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


e por iso entende que esa alegación, emenda ou o que queira que sexa, sobre o artigo 18.4 a considera insuficiente máis acaído o que dixo o BNG, a supresión do artigo 18 pero xa que ve que todos están dispostos a protexer a costa galega, ao PP, teñen maioría absoluta na Xunta, solicitan a transferencia das competencias para a xestión da costa en Galicia, Psoe en Madrid, transfiran as competencias para a xestión da costa á Xunta de Galicia e con iso arranxamos todo, porque manexamos todo dende aquí e se deixa de presentar alegacións, emendas ou a saber o que, e que non sabe o que se fixo ata agora. Volve a repetir ao partido popular que solicite a transferencia en xestión de costas, e partido socialista, transfira as competencias en xestión de costas á Xunta de Galicia. Xa está. Lles convida a que o fagan, di que o BNG estará de acordo con que se transfiran competencias novas á Xunta de Galicia, di que non sabe cantos anos levan sen transferencias novas, di que dende o 2009 fixo. Di que aí o teñen, é o que se ten que facer e non traer aquí alegar ou emendar o artigo 18.4 que di que vistas as explicacións o considera insuficiente. Di que nada máis.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que primeiro está totalmente de acordo co señor Quintela e segundo as fábricas de peixe, di que mire si están no mar, que mire si son as procesadoras, porque ata onde ela sabe, o peixe non se fabrica e si hai conserveiras fora do dominio público marítimo, di que mire Frinsa, mire a que nos levaron de aquí para onde foi, a ver si está na beira do mar, depende do produto que se vaia a procesar, pero di que non é indispensable que unha conserveira estea en dominio público marítimo. Di o PSOE que son os únicos que se preocupan cando pasa algo, ao parecer os demais estamos de adorno, lle di que ao mellor se lle esqueceu cando a proposta que presenta empeza dicindo que hai que defender ao empresario, e di que igual non son eles os que están confundidos, din non a esta moción, defenden quitar todo o punto 18 e se queren unha declaración política conxunta que defenda a nosa costa, adiante, se queren defender a nosa costa dende a lei de costas e defendelo dende aquí, as transferencias ao noso país como ben dixo o señor Quintela, di que é doado, e que outra cousa é facer propaganda e despois non cumprir.

Intervén a alcaldesa para dicir que cada un ten que facer o que ten que facer e non lle dicirle a outros o que ten que facer porque sempre se ten a iniciativa de facer as cousas e non dar leccións todo o tempo.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4) e os votos en contra do grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal CxG (2) adopta o seguinte acordo:

- 1.- Que se acorde a probación da presente addenda, emenda, alegación, a Lei, 2/2013 de 29 de maio de protección e de modificación da Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas para o cambio climático e transmisión enerxética e se envíe o Goberno de España, para a súa inclusión, e modificación do art. núm. 18-4
- 2.- Que se inste o Goberno de España, na persoa da súa ministra Teresa Rivera, se teña en conta na redacción de dita lei as peculiaridades da nosa costa e a importancia do sector-mar-industria do que depende gran parte dos nosos municipios costeiros e que sosteñen miles de empregos, garantindo así a súa continuidades con todos os dereitos que ata agora tiñan.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Noveno.- Proposta de acordo do BNG sobre a instalación do repetidor de sinal de TV para os núcleos de Abelleira e Torea

Intervén a señora alcaldesa para dicir que na comisión informativa correspondente se ditaminou favorablemente a proposta de acordo do BNG sobre a instalación do repetidor de sinal de TV para os núcleos de Abelleira e Torea e lle da a palabra para a lectura da proposta ditaminada á concelleira do grupo municipal do BNG Paula Simal Mayo que é do teor literal seguinte:

Ditame:

“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A crise do COVID-19 puxo en evidencia, unha vez máis, o necesario que é dotar a todos os núcleos de poboación do municipio do acceso ás tecnoloxías da información básicas como son internet ou a TV.

Xa fora para garantir o acceso da veciñanza a información básica sobre a pandemia Ou para que as crianzas puideran estar entretidas, a TV xogou un papel protagonista durante todo o estado de alarma.

A día de hoxe seguimos tendo no Concello de Muros, dúas parroquias que non teñen unha sinal de TV de calidade, que permita que os seus veciños e veciñas poidan estar debidamente informados. Estas parroquias son Torea e Abelleira, que reciben o sinal dun repetidor hoxe obsoleto.

Nesta “nova normalidade”, seguimos tendo unha importante parte da poboación destas parroquias confinadas. Trátase de veciñas e veciños que pola súa idade ou por cuestións de saúde seguen a ter que pasar moitas horas dentro da súa casa. Persoas que son vítimas da fenda dixital e do esquecemento e abandono dos núcleos rurais.


Unha das peticións históricas do BNG de Muros é a substitución do repetidor de sinal de TV que se atopa instalado en Tal, na zona de Santa Cataliña, que melloraría o sinal dos mencionados núcleos de Torea e Abelleira. Este repetidor substitutorio xa forma parte do inventario municipal dende fai varios anos, pero a desidia dos sucesivos gobernos levaron a que este aparello siga sen instalar nun almacén municipal, por conseguinte, en pleno 2020, Abelleira e Torea sigan sen ter unha sinal de TV axeitada.

Foi no 2017 cando a AAVV. A Ostreira de Abelleira colaborou co grupo de goberno local na busca dunha finca para a colocación do repetidor de televisión e incluso se puxo en contacto coas/cos propietarias/os das fincas limítrofes a onde se atopa instalado o actual repetidor.

Tamén nese mesmo ano, a Deputación da Coruña anunciou expresamente para o Concello de Muros un orzamento de 25.000 para a mellora desta infraestrutura que quedou deserto por falta de vontade política.

Por todo isto, e como a día de hoxe as parroquias de Abelleira e Torea seguen sen un sinal de televisión decente; propoñemos ao pleno da corporación o seguinte acordo:

Proposta de acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


Que o concello de Muros inste a Xunta de Galicia para que AMTEGA e RETEGAL solucione as deficiencias na prestación do servizo."

Intervén polo grupo municipal a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que o que está pasando en Abelleira non é realmente así. Di que si é verdade que a deputación gobernada polo partido socialista aprobou unha subvención para ese repetidor, se comprou a antena, se ía a instalar a antena e non valía para nada a instalación da antena nese momento, porque di que viñeron os veciños de Abelleira en moitas ocasións e o problema que tiña o repetidor era que había que falar cas empresas para que fora viable e que non era suficiente a colocación da antena e di que diso hai antecedentes de sobra no concello e se fixo unha sondaxe en Abelleira e en Torea para saber con cantos clientes contaban para poder facer eles a inversión porque esa antena non ía a solucionar os problemas segundo os técnicos, e en Abelleira non había xente disposta a pagar o servizo, era antieconómico e ese foi o problema que tivo Torea e Abelleira para non ter unha sinal mellor. Agora mesmo o que se está a facer dende o concello o descoñecen pero creen que vai na mesma liña, a antena está colocada e as empresas subministradoras do servizo din que non vai a funcionar e que fai falta outro tipo de instalación que é moito máis custosa e que os veciños de alí non se daban de alta, iso é o que eles saben.

Intervén polo grupo municipal de CXG o concelleiro don José Manuel Quintela Fernández para dicir que na primeira intervención non ten nada que dicir.

Intervén a alcaldesa para dicir que a proposta que se presenta incorre en varias imprecisións por chamalas de algunha maneira, di a proposta: A substitución do repetidor do sinal que se atopa instalado en Tal e o que entende que se solicita é a ampliación da antena, non é a instalación dun repetidor substitutorio, non lle consta no inventario municipal, en calquera caso, di que este é un problema que se leva arrastrando dende o ano 2012 polo menos, di que ela persoalmente estivo na AMTEGA e a reunión que se tivo alí quedou interrompida co COVID e se retomou o tema tamén con RETEGAL e o que se está valorando e por un lado a posibilidade de ampliar esa antena existente e levar o repetidor de televisión e por outro lado valorar a posibilidade dunha situación alternativa a extensión da antena que ten problemas pola súa situación posto que está nunha localización de protección de patrimonio. Di que se están a valorar estas cuestións e di tamén que se comprometen a tratar de buscar unha solución, non a que se solucione porque non sabe cal das dúas cousas será posible ou máis viable pero si están traballando niso e tratarán de arranxalo, dende logo que si.

Intervén polo grupo municipal do BNG a concelleira Paula Simal Mayo para dicir que en primeiro lugar para puntualizar pensa que a señora González se está equivocando e ela se refire a internet e neste momento se está a falar da televisión porque xa teñen fibra en Abelleira pero non teñen televisión. Á señora Monteagudo quere comentarlle que hai dous replanteos feitos, un de 2012 e outro de 2017, din que o sitio máis axeitado dende a Secretaria Xeral de Medios, non AMTEGA nin RETEGAL, é o lugar onde está. Di que en decembro de 2013 foi cando se mercou o mastro que é substitutorio do actual lle di neste momento a alcaldesa que non é o mesmo, que é un mastro non un repetidor ao que lle responde a señora Simal que é o mesmo, levantar o que hai, di en todo caso que se parou esta obra no seu día porque patrimonio di que aí hai un castro, di tamén que hai unha casa e tendido eléctrico, e hai pois varios factores que poden entorpecer o arranxo pero sendo o único sitio de



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

acordo cos replanteos aínda que a Secretaría Xeral de Medios comenta algo sobre un montaxe na punta e dixéronos que recibiron unha chamada do Concello de Muros e o funcionario deixou caer que ao mellor era outra opción para montar o mastro sería a punta, que sería a guinda do pastel do sitio, pero di que todos os informes para o sitio ideal porque esa sinal se recolle de Noia sería onde está. Di que tamén patrimonio cedeu nalgúns concellos aínda que non se especificou onde e rogan que se intente arranxar aí onde esta.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que o que está entendendo é que se coloque unha torre, non un repetidor, onde está protexido, onde está agora mesmo responde Paula Simal, e senón continua a señora González na punta de Abelleira

Rematadas as intervencións o pleno da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal CxG (2), grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal socialista adopta o seguinte acordo:

Que o Concello de Muros inste a Xunta de Galicia para que AMTEGA e RETEGAL solucione as deficiencias na prestación do servizo.

B) Mocións de urxencia

Non se presentan mocións de urxencia e se fai constar pola secretaría da corporación que o grupo municipal socialista lerá un manifesto ao rematar o Pleno que quedará reflectido na acta da sesión.

C Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Décimo.- Dar conta das resolucións da Alcaldía núm.841de 24/07/2020 a 1063 de 21/09/2020 e das Xuntas de Goberno Local núm.8 de 19/06/2020, núm.10 de 17/07/2020, núm.11 de 31/07/2020, núm.12 de 21/08/2020, núm.13 de 04/09/2020 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal


A señora alcaldesa dá conta das resolucións da Alcaldía, das xuntas de goberno Local e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal.

Undécimo.- Rogos e preguntas

A señora alcaldesa primeiro contesta ás preguntas do Pleno anterior.

Preguntas do grupo municipal socialista:

Á pregunta de cando se lle vai a pagar aos grupos, di que falta un grupo por pedir o pagamento e outro grupo por completar a documentación que non a entregou completa e di que a súa intención era pagar a todos os grupos xuntos, non sabe se CXG ten a intención de solicitar a achega e o BNG ten que completar a documentación e tratarán de facelo canto antes.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Á pregunta de cando se vai a acabar as obras do Curro da Praza, di que xa se acabou.

Á pregunta de se mantivemos unha reunión con Espina, di que se mantivo algún encontro cos responsables de Espina e tamén con algunhas empresas interesadas en actuar nesta zona.

Á pregunta de se o cámping paga o canon, di que durante o ano 2020 ata agosto, ten os pagamentos ao día e estanse a revisar anos anteriores.

Á pregunta da licenza de Portos para as festas de San Pedro do ano 2015, di que non lle consta.

Preguntas do grupo municipal CXG:

Á pregunta de se o Concello fixo actuacións musicais no Curro da Praza, di que si, que fixo varias actuacións durante o verán.

Á pregunta das actividades organizadas polo Concello para o verán, di que tendo en conta que se tiveron que suspender do 20 ao 30 de agosto polos gromos de COVID-19, aparte diso, fíxose campamentos para nenos, actuacións musicais, concertos en colaboración coas Carrilanas que continúan agora porque algún houbo que adialo, teatro, teatro cine, pasacalles, cine nas rúas, na casa da cultura, exposicións, clases de distintas actividades deportivas ao aire libre, púxose en marcha o programa de Construímicos Igualdade, fixéronse bastantes cousas tendo en conta as circunstancias deste verán.

Á pregunta de se tivemos queixas no reparto de correos en Esteiro, non constan queixas.


Á pregunta do aforamento da actuación das Tanxugueiras, di que foi de 120 persoas.

Á pregunta de en que se gastaron 40 mil euros da partida de festas e os 20 mil de "Muros Mira o Mar", di que se gastaron en pagar algunhas das facturas, non todas, porque non chegou para pagar todas, dos compromisos aos que se chegou nesta corporación coas Carrilanas eco CasteloRock do ano 2019 e quedaron aí por pagar.

Preguntas do grupo municipal do BNG:

Á pregunta sobre os provedores de gasóleo, e que non se vía nas facturas empresas locais, di que as facturas sempre as emite a empresa matriz, sexa Repsol, Cepsa ou a que sexa, pero o subministro vai a gasoleneira de aquí.

Á pregunta sobre a débeda co persoal municipal, di que hai en execución de sentenzas unha cantidade sobre 200 mil euros que trataremos de abordar este ano, a regularización de nóminas, antigüidades, trienios, etc, estase traballando na fórmula e maneira de levala a cabo nun procedemento que terán que consensuar na mesa de negociación co persoal.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Á pregunta sobre as axudas das entidades culturais e deportivas, di que as culturais están convocadas dende o 17 de agosto e as deportivas saíron hoxe no BOP, as bolsas para deportistas e entenden que as das entidades sairán mañá posto que se enviaron xuntas.

Á pregunta de por que se informou duns caso de coronavirus no concello e non doutros, di que xa o explicou polo menos dúas veces, informamos cando contamos coa autorización das persoas interesadas.

Á pregunta de se se ten pensado arranxar a estrada de Canelas, que levaban anos reclamando, di que está arranxada, gustaríalle renovar todo o pavimento pero non teñen medios, e cos medios que teñen cre que quedou bastante ben.

Á pregunta de quen xestiona a fibra en Torea e Abelleira di que é Movistar.

Á pregunta do permiso portuario para a misa do Carme, di que non é unha cuestión que competa a esta corporación.

Á pregunta de se a matrona está de baixa, tampouco é competencia da corporación e parécelle alucinante que pregunte esas cousas aquí.

Á pregunta dos medios persoais durante a fin de semana cos que conta o concello durante o verán, di que presta servizo durante a fin de semana persoal adscrito á brigada de medio ambiente para a limpeza de praias, persoal de limpeza de rúas, persoal que se contratou de reforzo para o control de praias, persoal do departamento de Cultura cando coincide a celebración dalgún evento e o persoal de servizos sociais que como sabe traballa todos os días do ano.

Rogos e preguntas deste Pleno:


Rogos e preguntas do Grupo municipal socialista:

Intervén a voceira do grupo municipal socialista para dicir que ten un rogo de se se pode reforzar cunha limpadora máis a limpeza e desinfección do colexio de Louro, cónstalle á señora alcaldesa que lle pode contestar que o intentaron, pero a limpadora non quere cambiar o horario. Pregunta a señora González se non se pode poñer outra limpadora ao que lle contesta a señora alcaldesa que o intentaron pero teñen que modificar os horarios e non quixo pero tratarán de buscar outra solución.

Segue a súa intervención a señora González que di que a roupa do GES por culpa do lume xa perdeu a protección e pregunta cando se lle vai a proporcionar traxes ignífugos novos.

Di que en Tal había uns contedores na praza da igrexa, sacáronse, e a xente está a reclamar que se coloquen alí e se se poden colocar

Pregunta que se sabe do presuposto.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Roga que se lle pague aos grupos canto antes, se non se fixo os deberes, non van a pagar todos, déusenos un prazo para presentar a documentación, presentouse, e se os outros grupos non a presentan ou non necesitan os cartos, non lle parece xusto que estean todos colgados da brocha porque os outros non cumpran coa súa obriga.

Di que quere saber se os proxectos de obra que deixou presentados o grupo de CXG, que fixera unha amiga da señora María Xosé, en concreto os dos vestiarios do campo de fútbol que houbo que modificar, quere saber canto costou esa modificación, porque non houbo quen licitara ese proxecto e que está pasando cos proxectos do cine París que eles tamén deixaron aí, pregunta se houbo que facer modificacións e canto costaron.

Di que queren saber cal é o prazo de pagamento a provedores actualmente

Remata a súa intervención dicindo que o partido socialista dixo por activa e pasiva que Compromiso por Galicia estaba metendo no concello nun gran furado económico debido as grandes irregularidades que se estaba facendo con respecto aos pagamentos aos traballadores do Concello e roga que se trate de regularizar a desfeita que deixou Compromiso por Galicia cos casos do xulgado. Acábanos de dicir que se deben 200 mil euros, di que é unha barbaridade, que estaba cantado e estiveron anunciando en todos os plenos e di, os señores de Compromiso mentindo, como é costume deles, que dicían que non había ningún problema, di que deixaron 200 mil euros de débeda aos traballadores do concello e se incorreron en responsabilidade e di que se lle reclame esa responsabilidade. Volve a dicir que lle parece unha barbaridade que se metera ao concello por desidia por non facer as cousas, nun pozo de 200 mil euros. Di que lle sorprende moitísimo que o señor Quintela lle veña agora a lucidez e un mundo de ideas, pero en catro anos cero, non fixo nada.

Rogos e preguntas do grupo municipal CxG:

Intervén o concelleiro do grupo municipal de CxG que fai as seguintes preguntas:


Pregunta cal é o estado de execución orzamentaria.

Pregunta a canto ascenden as facturas pendentes de pagamento.

Pregunta e espera que se lle conteste agora, porque entende que as outras dúas preguntas se contestarán dentro dun mes, e di que cando se fixeron unhas obras diante do quiosco de Roque sacaron un mini punto limpo e quere saber se o suprimiron ou o cambiaron de sitio.

Rogos e Preguntas do grupo municipal BNG:

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir antes de nada, que lle vai a facer un par de rogos, di que o primeiro é relativo á documentación, cando se lles informou que había que presentar a documentación ela mesma chamou ao concello para que lle informasen exactamente cal era a documentación que querían, e díxosenos que era a que entregamos, e aínda así no momento de entregala pediu que si lle faltaba algo se lles comunicara e non se lles comunicou nada. E di que a verdade é que pensaba que estaba todo solucionado.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Pregunta a alcaldesa se trouxo dúas veces a documentación ao que lle contesta a voceira do grupo municipal do BNG que só unha vez este ano, di que presentou a do ano pasado e a deste ano a mediados de agosto, di que se se pode mandar por escrito que é o que queren, eles non teñen problema, e volve a dicir que pensaba que estaba todo solucionado.

O segundo rogo viña no punto da moción da organización das actividades extraescolares e retirouse dicindo dende a Secretaría que era un rogo e di que solicita ao Concello de Muros que se faga cargo e se responsabilice da organización das actividades extraescolares nos centros de ensino municipais, así como a elaboración dun protocolo que se integre no "Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021.

Pregunta se se están a cumprir as quendas mínimas de limpeza nos parques establecidas no protocolo para a súa apertura.

Pregunta se se ten pensado notificar á persoa propietaria do edificio Comesañas do seu estado de abandono. Di que é lamentable que un Concello como o de Muros permita que exista un edificio que supón un perigo público, tanto polo seu deterioro como por que se está convertendo nun vertedoiro descontrolado de lixo.

Pregunta como se regulan as listas de emprego e substitucións e onde se publican os nomeamentos.

Pregunta se ten coñecemento o concello das obras do espigón que se realizaron na Illa da Creba. E se considera o actual goberno municipal levar a cabo algunha actuación para devolver a titularidade pública da illa ao pobo de Muros.


Di que o 24 de agosto presentouse unha petición no rexistro de entrada sobre a licenza dun local de hostalería e pregunta se se vai a contestar.

Intervén a alcaldesa para dicir que toma nota dos seus rogos e as preguntas contestaralle no seguinte pleno ordinario.

Intervén a alcaldesa para dicir que o grupo socialista solicitou a lectura dun manifesto para a conmemoración do Día internacional da explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos e antes de rematar este pleno vai a dar a oportunidade de que procedan a lectura do manifesto.

Dilixencia de Secretaría para facer constar que fóra do orde do día do Pleno procédese á lectura por parte da concelleira do grupo municipal socialista, dona Sandra Maneiro País, dun manifesto para a conmemoración do Día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos, que é do teor literal seguinte:

"O 23 de setembro conmemórase o Día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos. Esta práctica, estendida por todo o mundo, é unha manifestación extrema da desigualdade das mulleres e da súa pobreza na nosa sociedade. A trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual é un dos máis terribles negocios do mundo, se non o maior. Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80% das identificadas en Europa occidental; o 95% delas acaban explotadas (59%) seguida do traballo forzado (34%). As



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

mulleres, ademais, atópanse entre as máis afectadas pola pandemia. Compartimos o chamamento de Nacións Unidas para a resposta ao COVID-19 e a recuperación posterior a nivel mundial asignen un lugar prioritario á dignidade humana e os dereitos humanos. Debemos recobrar os esforzos para protexer ás vítimas da trata e evitar que as persoas vulnerable sexan explotadas.

Así mesmo, queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que seguen prestando servizos vitais durante a crise, localizando ás vítimas e axudándoas a ter acceso á xustiza, a saúde e a asistencia e protección sociais, e evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación. O PSdeG-PSOE posiciónase radicalmente ao lado das vítimas e en contra do negocio do sexo, que se nutre do sufrimento, da explotación das mulleres, nenas e nenos máis vulnerable, violando todos os seus dereitos. O PSdG definiuse reiteradamente abolicionista da prostitución e defende un modelo social que loite pola desaparición das causas que obrigan ás mulleres para prostituírse, por ser incompatible co modelo social que propoñemos, de igualdade, de respecto á dignidade das persoas, e de defensa dos dereitos humanos das mulleres. A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compre, vendan e exploten a mulleres, nenas e nenos, prostituíndoos. Os estudos e as experiencias noutros países indicannos que alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Por tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución. Sen prostitución non hai trata.

As e os socialistas traballaremos para abolir a prostitución e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e terminar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas, cooperar cos países de orixe e conciencias á cidadanía de que é un comercio ilícito e unha forma de escravitude.

Por iso, continuaremos os traballos que xa iniciamos nestes meses dirixidos a aprobar a Lei integral contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e contra a prostitución. A prostitución é un dos rostros máis crueis da feminización da pobreza, así como unha das peores formas de violencia contra as mulleres. As e os socialistas suscitamos este debate no Congreso e aprobouse a nosa proposta- en forma de PNL- para abolir a prostitución e a trata. Como dixo na tribuna nosa portavoz no Congreso e vicesecretaria xeral, Adriana Lastra: " No es posible un país en igualdadmientras convivamos de manera normalizada con violaciones de derechos humanos en las carreteras, los parques, los polígonos y los piso". A socavación de dereitos e de dignidade das mulleres que supón a prostitución é incompatible co feminismo socialista e coa propia democracia.

A prostitución non é o oficio máis antigo do mundo, senón a escravitude máis antiga e grande da historia".

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente